Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña**, **Secundino Fernández Fernández**, **Luis Bará Torres** e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre o proxecto de explotación mineira nomeado “San Juan”.

Asinado o día 09/12/2025 ás 09:51
Por Secundino Fernández
Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A concesión mineira “San Juan” número 5226 constitúe un xacemento de volframio situado na parroquia de Pentes, concello da Gudiña, Ourense, a escasamente dous quilómetros da fronteira con Portugal.

Este proxecto mineiro foi inicialmente autorizado pola Xunta de Galicia no ano 2015 cunha Declaración de Impacto Ambiental que avalaba a extracción de aproximadamente 50.000 toneladas de mineral mediante cinco cortas a ceo aberto durante un período de dez anos. A empresa promotora orixinal, European Tungsten Company S.L., posteriormente renomeada como Tungsten San Juan S.L., pasou a formar parte do grupo empresarial sueco Eurobattery Minerals, que retomou o proxecto en 2024-2025 tras unha década de inactividade.

A empresa iniciou en outubro de 2025 movementos de terra e traballos preparatorios para a explotación a ceo aberto, prevendo ademais instalar unha planta piloto para o procesamento do mineral mediante tecnoloxía gravimétrica. O proxecto sitúase nun enclave ambientalmente sensible, a menos dun quilómetro da Zona de Especial Conservación Pena Maseira, espazo da Rede Natura 2000, e inmediatamente

Asinado o día 09/12/2025 ás
09:50
Por José Manuel Golpe Acuña





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

augas arriba do Parque Natural de Montesinho en territorio portugués, tamén integrado na Rede Natura 2000 e na Reserva da Biosfera Transfronteiriza da Meseta Ibérica.

O proxecto adquiriu nova dimensión en novembro de 2025 cando Eurobattery Minerals anunciou publicamente que obtivera unha prórroga administrativa de trinta anos para a concesión, estendendo a súa vixencia ata o ano 2055, así como unha ampliación substancial das estimacións de reservas minerais, que pasaron das 60.000 toneladas inicialmente probadas a case un millón de toneladas, o que situaría a explotación entre as maiores de España por volume de recurso dispoñible.

Esta prórroga foi concedida mediante acordo administrativo publicado no Diario Oficial de Galicia o 27 de decembro de 2022, aínda que a súa efectividade e os traballos de campo non se materializaron ata finais de 2025. A magnitude do proxecto, a súa localización transfronteiriza e os riscos ambientais asociados suscitaron unha forte contestación por parte de organizacións ecoloxistas galegas e portuguesas, así como do municipio de Vinhais en Portugal, que denuncian a ausencia de avaliacións ambientais actualizadas e de procedementos de coordinación transfronteiriza, así como o incumprimento de sentenzas xudiciais firmes que condicionan expresamente calquera prórroga da concesión á tramitación dunha nova avaliación de impacto ambiental ordinaria.

A legalidade da concesión mineira San Juan número 5226 quedou definitivamente determinada por dúas sentenzas xudiciais firmes de extraordinaria relevancia: a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 18 de decembro de 2020 e, especialmente, a sentenza do Tribunal Supremo de 2 de febreiro de 2022 que resolveu o recurso de casación número 1550/2021 interposto pola empresa Tungsten San Juan S.L. contra o pronunciamento do TSXG. Ambas sentenzas establecen principios xurídicos fundamentais sobre a relación ineludible entre as concesións mineiras, os seus prazos de vixencia e as avaliacións de impacto ambiental que as amparan, principios que a Xunta de





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Galicia incumpriu frontalmente ao conceder a prórroga de trinta anos sen tramitar ningunha nova avaliación ambiental.

O conflito xurídico orixinouse cando a empresa European Tungsten Company S.L. solicitou en 2015 a concesión directa de explotación da mina San Juan, achegando un proxecto técnico de aproveitamento limitado a dez anos de duración, xunto cunha Declaración de Impacto Ambiental que avalaba unicamente as labores mineiras propostas durante ese mesmo prazo decenal. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, outorgou a concesión por resolución de 17 de decembro de 2015, confirmada en reposición o 4 de decembro de 2018, concedendo expresamente a explotación "por un prazo de duración de dez anos", cando a lexislación mineira establece de forma taxativa que as concesións de explotación de recursos da Sección C deben outorgarse por un período imperativo de trinta anos. A empresa recorreu esta resolución ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia argumentando que a normativa mineira non permite modular o prazo de trinta anos, e que debía recoñecérselle o dereito á concesión polo prazo legal completo con independencia de que o proxecto técnico achegado fose inferior.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en sentenza da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo de 18 de decembro de 2020, desestimou o recurso pero fixou unha doutrina xurídica de transcendental importancia. A Sala confirmou que a lexislación mineira non permite modular o prazo de trinta anos establecido de forma imperativa no artigo 62.1 da Lei 22/1973, de 21 de xullo, de Minas, así como no artigo 29 da Lei de Ordenación Mineira de Galicia. Non obstante, a Sala estableceu unha vinculación esencial entre o prazo da concesión e a viabilidade técnica e ambiental acreditada: se a empresa só acreditou a viabilidade da explotación por dez anos mediante o proxecto técnico achegado, e a Declaración de Impacto Ambiental se limitou a verificar as labores mineiras propostas durante ese mesmo prazo decenal, "o que procedía era denegar a solicitude" en lugar de conceder a concesión por un prazo inferior ao legal. A





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

sentenza do TSXG razoou de forma contundente que "se non quedou acreditada con rigor a viabilidade da explotación polo prazo de trinta anos, senón de dez, o que procedía era denegar a solicitude nos termos en que foi formulada e, despois, valorada pola DIA". A Sala non anulou a resolución administrativa unicamente para evitar unha prohibida "reformatio in peius" que prexudicase á única parte recorrente, pero deixou establecido un principio xurídico fundamental: non se pode conceder unha concesión mineira por un prazo para o cal non existe acreditación técnica nin avaliación ambiental suficiente.

Este pronunciamento foi confirmado e reforzado pola sentenza do Tribunal Supremo de 2 de febreiro de 2022, que resolveu o recurso de casación número 1550/2021 interposto pola empresa contra a sentenza do TSXG. A Sala Quinta do Contencioso-Administrativo do Alto Tribunal desestimou o recurso e fixou xurisprudencia vinculante sobre a materia, establecendo que "resulta fundamental atender á finalidade destes permisos de explotación e os requisitos esixidos pola lexislación mineira, de forma que o prazo que se esixe para a súa concesión debe considerarse unha garantía do interese público na explotación dos recursos naturais". O Tribunal Supremo subliñou que a lexislación mineira exige que con toda solicitude de concesión se achegue un proxecto de aproveitamento que inclúa "memoria sobre o sistema de explotación, esquema da infraestrutura, programa de traballo, orzamento das inversións a realizar e estudo económico da súa rendibilidade, e fontes de financiamento, coas garantías que se ofrezan sobre a súa viabilidade", e que "as esixencias dos requisitos destes proxectos de explotación poñen de manifesto a transcendencia que lle confire o propio Lexislador, acorde á relevancia que o mesmo ten para a viabilidade da concesión, que constitúe un dos presupostos destas concesións".

O Tribunal Supremo estableceu de forma taxativa que "non cabe considerar que se poidan outorgar concesións cuxos proxectos de explotación comezan xa por limitar ao aspecto temporal de dita explotación, é dicir, da concesión, a un prazo inferior ao establecido imperativamente pola Lei". E, en pronunciamento de especial relevancia



para o caso presente, o Alto Tribunal vinculou expresamente o prazo da concesión mineira co prazo da Declaración de Impacto Ambiental que a avalou, establecendo que "sendo preceptiva para a explotación de tales recursos a DIA, a achegada ao procedemento estaba tamén fundada nun aproveitamento polo mencionado prazo de 10 anos; cuestión que reforza a interpretación que se sostén, dado que o aspecto temporal de dito instrumento medioambiental non é intrascendente, como evidencia, con toda lóxica, o artigo 35.1.a) da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental". O Tribunal Supremo concluíu de forma definitiva que "se a recorrente solicitou a concesión coa finalidade de limitar a súa explotación a un prazo de 10 anos e, a eses efectos, achegou o preceptivo proxecto de explotación referido ao mencionado prazo, non era posible que se outorgara a concesión por un prazo superior".

Esta doutrina xurisprudencial, firme e vinculante, establece tres principios fundamentais de ineludible aplicación ao caso presente: primeiro, que as concesións de explotación de recursos mineiros da Sección C deben outorgarse obrigatoriamente por un prazo de trinta anos, sen que sexa posible modular este prazo á vontade do solicitante ou da Administración; segundo, que o proxecto técnico de explotación debe acreditar a viabilidade da explotación polo mencionado prazo de trinta anos, e que se non existe tal acreditación técnica, "o que procedía era denegar a solicitude"; e terceiro, e especialmente relevante para o caso presente, que "o aspecto temporal do instrumento medioambiental non é intrascendente", polo que a Declaración de Impacto Ambiental debe estar referida ao mesmo prazo temporal que a concesión mineira que avaliza. En consecuencia, unha concesión por trinta anos require obrigatoriamente unha avaliación de impacto ambiental que acredite a viabilidade ambiental do proxecto durante ese período de trinta anos, e non se pode estender o prazo dunha concesión sen actualizar a correspondente avaliación ambiental.

O marco xurisprudencial que condiciona a legalidade da prórroga concedida á mina San Juan refórzase de forma decisiva coa recente sentenza do Tribunal Superior de





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Xustiza de Galicia de 7 de xuño de 2024, que anulou a autorización de explotación da mina de Penouta, en Viana do Bolo, Ourense, por omisión dunha adecuada avaliación de impactos sobre os espazos da Rede Natura 2000. Esta sentenza, ditada pola Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo, estableceu principios de dereito ambiental que resultan directamente aplicables ao caso da mina San Juan e que evidencian a ilegalidade da prórroga concedida pola Xunta sen nova avaliación de impacto ambiental.

A aplicación desta doutrina xurisprudencial ao caso da mina San Juan resulta ineludible e revela a gravidade das omisións da Xunta de Galicia. A mina San Juan sitúase a escasamente un quilómetro da Zona de Especial Conservación Pena Maseira, integrada na Rede Natura 2000, e a dous quilómetros da fronteira con Portugal, inmediatamente augas arriba do Parque Natural de Montesinho, espazo tamén da Rede Natura 2000 e da Reserva da Biosfera Transfronteiriza da Meseta Ibérica. A explotación prevé a extracción a ceo aberto de grandes volumes de material mediante escavadoras e camiós, actividades que inevitablemente xeran emisións de po, ruído, vibracións e movementos de terra de gran magnitude. Tanto Ecoloxistas en Acción como o Movemento Uivo portugués alertaron de que a explotación mineira tería "impactos severos sobre o río Rabaçal, ao que ten previsto verter augas con altas concentracións de metais pesados sen ningún tipo de tratamento", augas que desembocan directamente en territorio portugués afectando ao Parque Natural de Montesinho e ás poboacións situadas augas abaixo.

A sentenza do TSXG sobre a mina de Penouta establece que a Administración ten a obriga de esixir avaliacións rigorosas de impactos sobre a Rede Natura 2000 "incluso encontrándose o proxecto situado fora dos espazos protexidos", sempre que exista un "impacto evidente" derivado de emisións de po, metais pesados, ruído e vibracións. No caso da mina San Juan, non existe ningunha avaliación actualizada destes impactos, xa que a Declaración de Impacto Ambiental de 2015 caducou en 2019 tras catro anos de vixencia, e a prórroga de trinta anos foi concedida en 2022 sen someter o proxecto a unha nova avaliación de impacto ambiental ordinaria que valorase os efectos sobre a Rede





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Natura 2000, os cursos de auga transfronteirizos e a saúde das poboacións afectadas. Esta omisión constitúe unha vulneración directa da Directiva Hábitats, da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e Biodiversidade, e do principio de precaución consagrado no artigo 191 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, así como un incumprimento das sentenzas firmes do Tribunal Supremo e do propio TSXG que establecen a obrigatoriedade de avaliación ambiental para prorrogas de concesións mineiras.

A prórroga de trinta anos concedida pola Xunta de Galicia á concesión mineira San Juan número 5226, mediante acordo administrativo publicado no Diario Oficial de Galicia o 27 de decembro de 2022 e activada en 2025 co inicio dos traballos de campo, constitúe unha vulneración frontal e deliberada das sentenzas firmes do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e do Tribunal Supremo que estableceron de forma inequívoca os requisitos xurídicos para calquera prórroga ou extensión temporal dunha concesión mineira. Esta actuación administrativa configura un suposto de administración desobediente ás resolucións xudiciais que pode dar lugar a responsabilidades administrativas e penais dos altos cargos que ditaron a resolución ilegal.

Como quedou acreditado, a Declaración de Impacto Ambiental emitida en 2015 avalaba unicamente a explotación mineira durante un prazo de dez anos, e esta DIA caducou legalmente en 2019 tras catro anos de vixencia conforme ao artigo 35.1.a) da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental. A pesar desta caducidade acreditada e do pronunciamento expreso do Tribunal Supremo sobre a vinculación temporal ineludible entre a concesión mineira e a avaliación de impacto ambiental que a avaliza, a Xunta de Galicia concedeu en 2022 unha prórroga de trinta anos á concesión sen tramitar ningunha nova avaliación de impacto ambiental ordinaria que acreditase a viabilidade ambiental do proxecto para ese novo horizonte temporal de trinta anos. O Tribunal Supremo estableceu de forma taxativa que "o aspecto temporal do instrumento medioambiental non é intrascendente", e que unha concesión por trinta anos require unha avaliación ambiental referida a ese mesmo prazo. A prórroga concedida en 2022 ignora





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

completamente este pronunciamento xudicial firme e converte á Administración autonómica nunha administración desobediente ás resolucións dos tribunais.

A gravidade desta actuación incrementase pola magnitude substancialmente ampliada do proxecto. Mentres que a concesión orixinal de 2015 contemplaba a extracción de aproximadamente 50.000 a 60.000 toneladas de mineral, a empresa anunciou en 2025 que as estimacións de reservas alcanzaban case un millón de toneladas, o que representa unha ampliación de case vinte veces o volume inicialmente previsto. Esta variación tan substancial da envergadura da explotación reforzaría, se cabe, a necesidade ineludible dunha nova avaliación de impacto ambiental completa e actualizada que valorase os efectos acumulativos e sinérgicos dunha explotación de tal magnitude sobre os espazos protexidos da Rede Natura 2000, os recursos hídricos transfronteirizos e a saúde das poboacións afectadas tanto en Galicia como en Portugal. A ausencia desta avaliación actualizada, en contra do establecido polas sentenzas firmes do Tribunal Supremo e do TSXG, converte a prórroga concedida nunha resolución radicalmente nula de pleno dereito.

A existencia de sentenzas firmes do Tribunal Supremo e do TSXG que establecen de forma inequívoca os requisitos xurídicos para prorrogas de concesións mineiras, e a decisión consciente da Administración autonómica de conceder a prórroga ignorando eses pronunciamentos xudiciais, evidencian o coñecemento da inxustiza da resolución ditada.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Revogar de forma inmediata e incondicionada a prórroga de 30 anos outorgada á concesión mineira "San Juan" nº 5226 publicada no DOG o 27.12.2022, por ser





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

fundamentalmente ilegal ao incumprir sentenzas firmes do Tribunal Supremo (RC 1550/2021) e TSXG (sentenza 18.12.2020). A Lei 21/2013, art. 35.1.a). O Dereito minero galego (LOMG, art. 29) e a Lexislación ambiental europea (Directivas 92/43/CEE, 2011/92/UE, 2014/52/UE).

2. Someter de forma urxente o proxecto final a nova Avaliación de Impacto Ambiental ordinaria e completa conforme á Lei 21/2013.

3. Avaliación de impactos transfronteirizos con Portugal, conforme ao Convenio de Espoo.

4. Avaliación específica de impactos sobre Natura 2000 (ZEC Pena Maseira e Parque Natural Montesinho).”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 09/12/2025 9:50:58

Secundino Fernández Fernández na data 09/12/2025 9:51:06

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 09/12/2025 9:51:14

Luis Bará Torres na data 09/12/2025 9:51:25



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/12/2025 9:53:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 09:53:03
Nº Rexistro: 40778
Data envío: 09/12/2025 09:53:03,571

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

O sector pesqueiro e marisqueiro galego atravesa desde hai anos unha caída sostida no consumo de peixe, un produto esencial na dieta atlántica e clave para a saúde pública. Esta diminución afecta non só ás familias, que deixan de acceder a produtos frescos e saudables, senón tamén a toda a cadea mar-industria, que representa miles de empregos e un peso fundamental na economía galega.

Có obxectivo de dispoñer dunha ferramenta rigorosa que permita coñecer con exactitude o impacto fiscal no consumo, a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, asinou un convenio coa Universidade de Santiago de Compostela para desenvolver un modelo económico avanzado que cuantifique os efectos dunha hipotética rebaixa do IVE do peixe. Trátase dunha iniciativa pioneira en España, que responde á demanda histórica do sector e que permitirá fundamentar con datos obxectivos a necesidade dunha fiscalidade máis favorable aos produtos do mar.

Segundo as primeiras simulacións divulgadas polos investigadores, unha rebaixa selectiva do imposto podería xerar unha contorna máis favorable para o consumo e para a actividade económica das confrarías, da industria transformadora e da cadea comercial, cun retorno estimado de 28,5 millóns de euros e ata 5.500 empregos adicionais. Ademais, o efecto sobre o VAB galego situaríase arredor dos 19 millóns de euros, cun impacto notable tamén sobre a frota litoral, a acuicultura e o conxunto da actividade marítimo-pesqueira.

Asinado o día 09/12/2025 ás
10:40
Por Alberto Pazos Couñago



Nun escenario no que o peixe soporta tipos impositivos superiores aos doutros alimentos saudables —como froitas ou hortalizas—, e tendo en conta que o consumo en Galicia acadou mínimos históricos, resulta imprescindible avanzar cara a unha fiscalidade que promova hábitos saudables, favoreza o acceso da poboación a produtos básicos e contribúa á competitividade dun sector estratéxico para Galicia.

Por todo iso, o Parlamento de Galicia considera necesario apoiar o traballo técnico que se está a desenvolver e instar o Goberno de España a estudar unha rebaixa do IVA aplicable aos produtos do mar, cando o informe da Xunta e da USC estea concluído, garantindo así unha análise con base científica e económica.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Completar e presentar publicamente, no prazo máis breve posible, o estudo económico desenvolvido xunto coa Universidade de Santiago de Compostela sobre o impacto dunha rebaixa do IVE aplicable ao peixe e demais produtos do mar.
- 2.- Trasladar ao Goberno de España os resultados deste estudo técnico, solicitando a avaliación e aplicación dunha redución do tipo impositivo do IVE do peixe e produtos do mar, atendendo ao seu carácter esencial para a saúde e ao seu impacto positivo na economía galega.
- 3.- Defender no Consello Galego de Pesca e perante o sector unha fiscalidade favorable ao consumo de peixe, en liña coas demandas das confrarías, da industria transformadora e dos axentes da cadea mar-industria.
- 4.- Impulsar accións de divulgación e promoción do consumo de peixe en colaboración con confrarías, organizacións de produtores e industria, aproveitando os resultados do estudo para informar á cidadanía sobre os





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 10:40:42
Nº Rexistro: 40836
Data envío: 09/12/2025 10:40:42.352

beneficios nutricionais, económicos e sociais dunha dieta baseada en produtos do mar”.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-b7DZF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/12/2025 10:40:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 10:40:42
Nº Rexistro: 40836
Data envío: 09/12/2025 10:40:42.352

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/12/2025 10:40:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 10:40:42
Nº Rexistro: 40836
Data envío: 09/12/2025 10:40:42.352

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

Nos últimos meses, a Federación Europea de Produtores Acuícolas (FEAP) alertou de prácticas fraudulentas no comercio de produtos do mar, concretamente da comercialización de perca xigante de Asia como se fose lubina europea, baixo denominacións e etiquetas confusas que inducen a erro ao consumidor.

Esta práctica, detectada en distintos países europeos, afecta á confianza dos consumidores, distorsiona a competencia no mercado e prexudica gravemente ás explotacións acuícolas galegas e europeas, que cumpren estritas normas de calidade, seguridade alimentaria e benestar animal.

Galicia, líder na produción e transformación de produtos mariños, defende un modelo baseado na trazabilidade, a calidade e a transparencia, polo que resulta necesario reforzar os controis sobre o etiquetado e a comercialización, tanto nos puntos de venda como nas canles de distribución, para garantir que o nome comercial e o científico se axusten á especie realmente comercializada.



Así mesmo, cómpre mellorar a coordinación entre as autoridades competentes — autonómicas, estatais e europeas— para evitar fraudes alimentarios e protexer a competitividade das empresas galegas, que se ven afectadas por importacións de especies que non cumpren as mesmas normas de produción nin de sustentabilidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Reforzar, a través dos servizos de inspección e control alimentario, as actuacións de vixilancia sobre o etiquetado e comercialización de produtos pesqueiros e acuícolas.
- 2.- Solicitar ao Goberno de España e á Comisión Europea a aplicación de medidas específicas para garantir a trazabilidade e a correcta identificación das especies comercializadas no mercado europeo.
- 3.- Promover campañas de información e sensibilización dirixidas ao consumidor e ao sector da distribución sobre a importancia da orixe, a denominación comercial e o nome científico dos produtos do mar.
- 4.- Defender ante a UE a creación dun sistema harmonizado de verificación do etiquetado, co fin de evitar fraudes e asegurar igualdade de condicións entre produtores europeos e terceiros países”.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 10:50:48
Nº Rexistro: 40842
Data envío: 09/12/2025 10:50:48.138

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/12/2025 10:50:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 10:50:48
Nº Rexistro: 40842
Data envío: 09/12/2025 10:50:48,138

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/12/2025 10:50:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 10:50:48
Nº Rexistro: 40842
Data envío: 09/12/2025 10:50:48.138

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, Moisés Rodríguez Pérez, Felisa Rodríguez Carrera, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

O Polígono de San Cibrao das Viñas e o seu contorno constitúen hoxe o principal ecosistema industrial da provincia de Ourense: máis de 560 empresas, 12.500 traballadores e 6,5 millóns de m² de superficie produtiva e que no que se concentran arredor do 90% das mercancías que se moven na provincia. Pola contra, a estación de mercancías de Ourense-Empalme ocupa 140.000 m² de solo urbano no barrio da Ponte para xestionar unicamente o 10% do tonelaxe, representando un uso ineficiente, caro e incompatible co desenvolvemento urbano da cidade.

Neste contexto, Ourense é hoxe unha das provincias galegas con maior solo industrial en tramitación, con case 3 millóns de metros, precisamente porque é necesario ampliar a capacidade produtiva da provincia e porque estamos ante un territorio con futuro industrial, cun tecido económico en crecemento, diversificado e competitivo.

Tendo en conta isto, a localización máis eficiente e racional para a futura estación de mercadorías é precisamente o Polígono de San Cibrao: a só 6 km. de Ourense, con derivación ferroviaria xa en funcionamento, conexión directa coa liña Ourense-Zamora —que quedará liberada para uso mercantil coa entrada en servizo do AVE— e acceso inmediato por estrada e integración coa Cidade do Transporte construída pola Xunta.

Asinado o día 09/12/2025 ás
10:59
Por Alberto Pazos Couñago





O anteproxecto existente define unha terminal de 103.560 m², ampliable en 26.319 m², con vías pasantes, vías de servizo e accesos adaptados a trens longos, optimizando recursos e minimizando custes.





Neste contexto as administracións galegas teñen demostrado un compromiso firme e continuado.

A Xunta de Galicia anunciou a ampliación do polígono de San Cibrao cun investimento de 17,8 millóns de euros e máis de 340.000 m² adicionais, e modificará o proxecto sectorial da Cidade do Transporte para integrar os terreos necesarios para a futura terminal.

A Deputación de Ourense comprometeuse a financiar a redacción do proxecto construtivo, recordando que esta infraestrutura é esencial para reducir custos loxísticos, atraer investimento e reforzar a conexión industrial da provincia co resto de España e Europa.

E pola súa banda, tamén o Concello de San Cibrao reafirmou o seu compromiso municipal anunciando a modificación do planeamento urbanístico para facilitar a execución da nova estación.

En contraste, o Goberno de España e ADIF manteñen paralizada calquera actuación desde o ano **2021**, incumprindo, inclusive, o mandato aprobado polo Congreso que lles encomendaba algo tan básico como encargar o estudo de viabilidade económico-financeira da terminal ferroviaria en San Cibrao.

Lonxe de cumprir esta obriga, o Estado limitouse durante este tempo a ofrecer explicacións xerais sobre a súa estratexia ferroviaria e a afirmar que o seu papel respecto desta infraestrutura se reducirá a ser un simple “colaborador” ou “facilitador”. É dicir: nin promoveu o estudo, nin iniciou a fase de planificación, nin puxo en marcha ningún trámite técnico, administrativo ou orzamentario, a pesar de que as administracións galegas e o tecido empresarial levan catro anos reclamando exactamente esa colaboración e ese impulso.

A realidade é inequívoca: Xunta, Deputación e Concello avanza, planifican e invisten e pola contra o Goberno central segue ausente nunha infraestrutura clave para o equilibrio territorial e o futuro industrial da provincia de Ourense e que tamén tería unha importante repercusión no planeamento da cidade de Ourense, máis concretamente no barrio de A Ponte.





Por iso, e en base ao anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Recoñecer o compromiso do Goberno galego para avanzar nunha infraestrutura estratéxica, para o presente e o futuro industrial da provincia de Ourense, como é a Estación de Mercadorías de San Cibrao das Viñas.
- 2.- Dirixirse ao Goberno de España a impulsar, a través de ADIF, a planificación, tramitación e conexión da futura terminal ferroviaria de mercadorías do Polígono de San Cibrao das Viñas á Rede Ferroviaria de interese xeral, garantindo a coordinación coas administracións galegas e co tecido empresarial de Ourense”.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/12/2025 10:59:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 10:59:46
Nº Rexistro: 40861
Data envío: 09/12/2025 10:59:46.141

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/12/2025 10:59:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 10:59:46
Nº Rexistro: 40861
Data envío: 09/12/2025 10:59:46.141

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel A. Viso Diéguez, Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, José M. Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

A Ribeira Sacra é unha das comarcas máis singulares de Galicia, que vén dada polos seus espazos naturais e pola espectacularidade dos canóns do Sil e do Miño, así como por un importante patrimonio histórico e paisaxístico, é por todo isto, que dende o ano 1993, a Ribeira Sacra forma parte da lista indicativa de lugares Patrimonio Mundial.

O cultivo da vide contribúe de forma moi significativa á singularidade paisaxística desta zona e o sector vitivinícola é un motor económico fundamental para o territorio da Ribeira Sacra, que redunda nun asentamento da poboación e proxección de futuro para as xeracións máis novas. Así mesmo, esta zona ten un atractivo turístico en crecemento.

Debido á orografía do terreo, no val dos ríos Miño e Sil, nas provincias de Lugo e Ourense, o cultivo do viñedo faise en socalcos con muros de pedra; estes son sistemas produtivos moi eficientes que determinan o mantemento dunha cultura agraria propia, que axuda a evitar unha erosión incontrolada.

Có obxectivo de protexer este patrimonio natural e cultural, a Xunta de Galicia desenvolveu unha novidosa liña de axudas ás persoas viticultoras inscritas na DOP





Ribeira Sacra que colaboran, co seu cultivo, á conservación da contorna paisaxística e a loita contra a erosión nos viñedos da Ribeira Sacra, práctica que cada vez resulta máis custosa pero contribúe de forma decisiva de cara a evitar o abandono deste modelo de produción.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir implementando as axudas á conservación da contorna paisaxística e loita contra a erosión nos viñedos da Ribeira Sacra”.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/12/2025 12:47:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 12:47:21
Nº Rexistro: 40957
Data envío: 09/12/2025 12:47:21.200

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/12/2025 12:47:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 12:47:21
Nº Rexistro: 40957
Data envío: 09/12/2025 12:47:21.200

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 13:56:49
Nº Rexistro: 41027
Data envío: 09/12/2025 13:56:49.033

Asinado o día 09/12/2025 ás 13:47
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Lara Méndez López** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente aparición de varios positivos en Cataluña e a activación de medidas excepcionais nesa comunidade autónoma evidencian que non hai tempo que perder. A PPA (Peste Porcina Africana) non entende de fronteiras e calquera atraso institucional pode provocar un impacto devastador sobre a economía rural, sobre o emprego e sobre as exportacións españolas.

Galicia conta cun sector porcino moderno, profesionalizado e fortemente integrado no territorio, que xera miles de postos de traballo directos e indirectos, e que é clave para fixar poboación no rural. Precisamente por iso resulta incomprensible a falta de anticipación e de planificación da Xunta do PP, que leva anos mirando para outro lado ante a crecente presenza e expansión do xabarl, principal vector de risco.

A actual densidade de xabarís é insostíbel tanto desde o punto de vista sanitario como desde a perspectiva agraria e da seguridade viaria. A súa xestión non pode seguir baseándose en parches, descoordinación e anuncios baleiros.

Galicia non pode permitirse un erro de cálculo nin unha resposta tardía. A PPA é unha enfermidade extremadamente grave, altamente transmisíbel e que, de

Asinado o día 09/12/2025 ás 13:47
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 09/12/2025 ás 13:47
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

144491

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 13:56:49
Nº Rexistro: 41027
Data envío: 09/12/2025 13:56:49.033

entrar no territorio, ocasionaría perdas millonarias, restricións comerciais, peche de explotacións e un golpe directo á economía rural.

O país necesita planificación, coordinación e rigor técnico, non improvisación. É o momento de actuar con seriedade e con lealdade cara ao sector primario, que sempre demostrou compromiso, profesionalidade e capacidade de traballo.

O sector porcino galego representa unha produción anual superior aos 1.000 millóns de euros, dá emprego directo e indirecto a máis de 9.000 persoas e sostén un tecido industrial, cooperativo e transformador que verteбра comarcas enteiras.

Un só foco de PPA en Galicia provocaría:

- O peche inmediato das explotacións afectadas,
- A paralización do movemento de animais,
- A perda de mercados e exportacións,
- Un impacto económico superior aos centos de millóns de euros,
- E un golpe irreversible ás economías rurais das comarcas porcinas.

Nun contexto no que Galicia debería reforzar a vixilancia sanitaria, o Goberno galego presenta uns Orzamentos para 2026 nos que recorta en Benestar Animal e Sanidade Vexetal nada menos que 13.181.498 €, unha decisión completamente inxustificable e perigosa. Xusto cando Europa reclama máis medios, máis bioseguridade e máis control, o PP decide reducir recursos e desprotexer o sector.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

144492

28071 Madrid

@PSdeG



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar e activar de inmediato un plan galego de contención da peste porcina africana, coordinado co Goberno de España, coa UE, co sector e coas organizacións profesionais agrarias, que estableza protocolos de vixilancia, bioseguridade, resposta rápida e control de movementos.
2. Reforzar de maneira urxente os servizos veterinarios oficiais, incrementando persoal, medios materiais, capacidade de inspección e laboratorios, e revertendo de inmediato o recorte de 13,18 millóns de euros en sanidade animal e vexetal previsto nos Orzamentos da Xunta.
3. Poñer en marcha un plan estratéxico de control e redución da poboación de xabaril, con base técnica e científica garantindo recursos suficientes e continuidade ao longo de todo o ano.
4. Activar un fondo extraordinario de prevención e compensación, para apoiar ás explotacións afectadas, garantir liquidez, evitar peches e protexer o emprego no sector primario e na industria transformadora.
5. Desenvolver campañas de información e formación dirixidas a produtores, transportistas, cazadores, administración local e cidadanía, para garantir a detección temperá, a bioseguridade e a comunicación de calquera sospeita.

Santiago de Compostela, a 9 de decembro do 2025



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 09/12/2025 13:47:29

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/12/2025 13:47:34

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/12/2025 13:47:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 13:56:49
Nº Rexistro: 41027
Data envío: 09/12/2025 13:56:49.033

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/12/2025 13:56:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 13:56:49
Nº Rexistro: 41027
Data envío: 09/12/2025 13:56:49.033

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 13:58:27
Nº Rexistro: 41033
Data envío: 09/12/2025 13:58:27.510

Asinado o día 09/12/2025
13:51
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Lara Méndez López, Carmen Rodríguez Dacosta e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación que atravesamos a fábrica de Sargadelos, situada no concello de Cervo, é completamente insostible e non é nova. O seu administrador único e CEO mantén desde hai anos un comportamento autoritario, arbitrario e contrario á legalidade laboral vixente, actuando como se estivese por riba das normas que regulan as relacións laborais, a representación sindical e os dereitos fundamentais das persoas traballadoras.

Sargadelos conta con arredor de 100 persoas empregadas, maioritariamente mulleres, polo que estaría obrigada por lei a dispoñer dun comité de empresa elixido democraticamente. Porén, a empresa ten impedido na práctica o exercicio da representación sindical, dificultando a presenza de delegados/as e utilizando manobras organizativas e presión psicolóxica para desmobilizar o persoal. Esta realidade vulnera dereitos básicos recollidos no Estatuto dos Traballadores e mina os mecanismos democráticos de control interno nunha empresa.

O pasado 27 de novembro, o dono de Sargadelos notificou ao persoal o inicio dun ERTE por forza maior, con aplicación inmediata e con efectos ata o 15 de decembro, afectando directamente a 86 traballadores e traballadoras, a maioría mulleres. A comunicación foi realizada sen diálogo previo, sen explicación

Asinado o día 09/12/2025 ás
13:51
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 09/12/2025 ás
13:51
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

144496

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 13:58:27
Nº Rexistro: 41033
Data envío: 09/12/2025 13:58:27.510

solvente e sen xustificacións verificables, poñendo ao cadro de persoal nunha situación de máxima incerteza e vulnerabilidade.

O clima laboral existente provoca ansiedade, estrés e un nivel de incerteza permanente entre o cadro de persoal, sometido ás decisións caprichosas e unilaterais dunha única persoa que se comporta como se a fábrica fose o seu feudo persoal. Esta situación transcende o ámbito laboral e converteuse nun problema de saúde pública, de convivencia interna e de vulneración sistemática dos dereitos das traballadoras.

A maiores, o CEO de Sargadelos leva anos lanzando ameazas constantes sobre o emprego e o futuro da fábrica cada vez que as administracións exercen funcións de control, inspección ou garantía do cumprimento da legalidade. Utiliza aos traballadores e, especialmente ás traballadoras, como reféns para presionar ao sector público e evitar responsabilidades. Isto é inaceptable nun Estado de Dereito.

Cómpre lembrar que Sargadelos non é unha fábrica calquera: é unha das marcas culturais máis recoñecidas de Galicia, unha referencia da cerámica artística e industrial e un motor económico para a Mariña lucense, unha comarca que xa sufriu demasiados golpes industriais nos últimos anos. O seu futuro non pode depender dos caprichos nin das pulsións autoritarias dun empresario que actúa “como un home sen lei”.

Nun escenario así, sorprende e preocupa a pasividade da Xunta de Galicia, que leva anos mirando para outro lado. A Xunta, que ten competencias en industria, traballo, patrimonio cultural e inspección laboral, non pode limitarse a ser unha espectadora impotente. É preciso que exerza a súa responsabilidade e actúe cunha estratexia a longo prazo para garantir a estabilidade, a continuidade e a boa gobernanza dunha empresa que forma parte da identidade cultural do país.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

144497

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 13:58:27
Nº Rexistro: 41033
Data envío: 09/12/2025 13:58:27.510

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Intervir con firmeza para garantir o cumprimento estrito da legalidade laboral en Sargadelos, en coordinación coa Inspección de Traballo, impulsando as medidas sancionadoras e correctoras necesarias para asegurar a existencia dun comité de empresa e a representación sindical democrática que corresponde por lei.
2. Poñer en marcha un plan de acompañamento laboral que inclúa apoio en materia de saúde laboral, atención psicolóxica e mecanismos de denuncia seguros e confidenciais fronte a situacións de presión, arbitrariedade ou vulneración de dereitos.
3. Elaborar un plan estratéxico de futuro para Sargadelos, que garanta a continuidade da produción, o mantemento do emprego e a protección da marca como símbolo cultural e artístico de Galicia.
4. Estudar fórmulas de participación pública ou de apoio institucional que garantan a estabilidade da empresa, evitando que a súa continuidade dependa exclusivamente das decisións dun único directivo e protexendo o interese xeral, laboral e cultural de Galicia.
5. Recoñecer formalmente Sargadelos como empresa cultural estratéxica, reforzando así a súa protección institucional e garantindo que o seu futuro se aborde como unha cuestión de país.

Santiago de Compostela, a 9 de decembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

144498

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 09/12/2025 13:51:47

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/12/2025 13:51:53

Silvia Longueira Castro na data 09/12/2025 13:51:59

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/12/2025 13:52:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 13:58:27
Nº Rexistro: 41033
Data envío: 09/12/2025 13:58:27.510

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/12/2025 13:58:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 13:58:27
Nº Rexistro: 41033
Data envío: 09/12/2025 13:58:27.510

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 13:58:42
Nº Rexistro: 41034
Data envío: 09/12/2025 13:58:42.212

Asinado o día 09/12/2025
13:52
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Lara Méndez López, Carmen Rodríguez Dacosta e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación que atravesamos a fábrica de Sargadelos, situada no concello de Cervo, é completamente insostible e non é nova. O seu administrador único e CEO mantén desde hai anos un comportamento autoritario, arbitrario e contrario á legalidade laboral vixente, actuando como se estivese por riba das normas que regulan as relacións laborais, a representación sindical e os dereitos fundamentais das persoas traballadoras.

Sargadelos conta con arredor de 100 persoas empregadas, maioritariamente mulleres, polo que estaría obrigada por lei a dispoñer dun comité de empresa elixido democraticamente. Porén, a empresa ten impedido na práctica o exercicio da representación sindical, dificultando a presenza de delegados/as e utilizando manobras organizativas e presión psicolóxica para desmobilizar o persoal. Esta realidade vulnera dereitos básicos recollidos no Estatuto dos Traballadores e mina os mecanismos democráticos de control interno nunha empresa.

O pasado 27 de novembro, o dono de Sargadelos notificou ao persoal o inicio dun ERTE por forza maior, con aplicación inmediata e con efectos ata o 15 de decembro, afectando directamente a 86 traballadores e traballadoras, a maioría mulleres. A comunicación foi realizada sen diálogo previo, sen explicación

Asinado o día 09/12/2025 ás
13:52
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 09/12/2025 ás
13:52
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

144501

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 13:58:42
Nº Rexistro: 41034
Data envío: 09/12/2025 13:58:42.212

solvente e sen xustificacións verificables, poñendo ao cadro de persoal nunha situación de máxima incerteza e vulnerabilidade.

O clima laboral existente provoca ansiedade, estrés e un nivel de incerteza permanente entre o cadro de persoal, sometido ás decisións caprichosas e unilaterais dunha única persoa que se comporta como se a fábrica fose o seu feudo persoal. Esta situación transcende o ámbito laboral e converteuse nun problema de saúde pública, de convivencia interna e de vulneración sistemática dos dereitos das traballadoras.

A maiores, o CEO de Sargadelos leva anos lanzando ameazas constantes sobre o emprego e o futuro da fábrica cada vez que as administracións exercen funcións de control, inspección ou garantía do cumprimento da legalidade. Utiliza aos traballadores e, especialmente ás traballadoras, como reféns para presionar ao sector público e evitar responsabilidades. Isto é inaceptable nun Estado de Dereito.

Cómpre lembrar que Sargadelos non é unha fábrica calquera: é unha das marcas culturais máis recoñecidas de Galicia, unha referencia da cerámica artística e industrial e un motor económico para a Mariña lucense, unha comarca que xa sufriu demasiados golpes industriais nos últimos anos. O seu futuro non pode depender dos caprichos nin das pulsións autoritarias dun empresario que actúa “como un home sen lei”.

Nun escenario así, sorprende e preocupa a pasividade da Xunta de Galicia, que leva anos mirando para outro lado. A Xunta, que ten competencias en industria, traballo, patrimonio cultural e inspección laboral, non pode limitarse a ser unha espectadora impotente. É preciso que exerza a súa responsabilidade e actúe cunha estratexia a longo prazo para garantir a estabilidade, a continuidade e a boa gobernanza dunha empresa que forma parte da identidade cultural do país.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal **981.55.15.30**

144502

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 13:58:42
Nº Rexistro: 41034
Data envío: 09/12/2025 13:58:42.212

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Intervir con firmeza para garantir o cumprimento estrito da legalidade laboral en Sargadelos, en coordinación coa Inspección de Traballo, impulsando as medidas sancionadoras e correctoras necesarias para asegurar a existencia dun comité de empresa e a representación sindical democrática que corresponde por lei.
2. Poñer en marcha un plan de acompañamento laboral que inclúa apoio en materia de saúde laboral, atención psicolóxica e mecanismos de denuncia seguros e confidenciais fronte a situacións de presión, arbitrariedade ou vulneración de dereitos.
3. Elaborar un plan estratéxico de futuro para Sargadelos, que garanta a continuidade da produción, o mantemento do emprego e a protección da marca como símbolo cultural e artístico de Galicia.
4. Estudar fórmulas de participación pública ou de apoio institucional que garantan a estabilidade da empresa, evitando que a súa continuidade dependa exclusivamente das decisións dun único directivo e protexendo o interese xeral, laboral e cultural de Galicia.
5. Recoñecer formalmente Sargadelos como empresa cultural estratéxica, reforzando así a súa protección institucional e garantindo que o seu futuro se aborde como unha cuestión de país.

Santiago de Compostela, a 9 de decembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

144503

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 09/12/2025 13:52:15

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/12/2025 13:52:20

Silvia Longueira Castro na data 09/12/2025 13:52:25

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/12/2025 13:52:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 13:58:42
Nº Rexistro: 41034
Data envío: 09/12/2025 13:58:42.212

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/12/2025 13:58:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 13:58:42
Nº Rexistro: 41034
Data envío: 09/12/2025 13:58:42.212

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 41047
Data envío: 09/12/2025 16:08:56.919

Asinado o día 09/12/25
16:06
Por Oscar Insua Lema

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Iria Taibo Corsanego** e dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a violación da soberanía da República Bolivariana de Venezuela por parte dos Estados Unidos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno dos Estados Unidos, liderado por Donald Trump, acaba de declarar, de xeito ilegal e unilateral, o peche do espazo aéreo da República Bolivariana de Venezuela, que representa unha clara violación da súa soberanía. Esta medida, anunciada sen ningún aval xurídico, supón unha inxerencia ilícita sen precedentes, coa pretensión de suplantar as autoridades lexítimas aeronáuticas, tanto venezolana (INAC) como da Organización de Aviación Civil Internacional (OACI).

Con esta actuación, o goberno dos Estados Unidos pon en perigo a seguridade da aviación civil na rexión e actúa como unha potencia colonial, ditando normas sobre un territorio alleo. Constitúe unha violación flagrante da soberanía nacional venezolana, do Dereito Internacional e dos principios da Carta das Nacións Unidas, e representa un paso máis no crecente desprezo polas normas internacionais que caracteriza o imperialismo estadounidense.

Este bloqueo arbitrario limita a posibilidade de voos de repatriación de cidadáns venezolanos desde os Estados Unidos, o abandono de miles de persoas que non poden saír nin entrar en Venezuela, entre elas persoas galegas e do Estado español. Os Estados Unidos pretenden fomentar a imaxe de caos e illamento, nunha guerra psicolóxica contra

Asinado o día 09/12/2025 ás
16:06
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 09/12/2025 ás
16:06
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 41047
Data envío: 09/12/2025 16:08:56.919

o pobo e o goberno venezolanos, con consecuencias imprevisíbeis para a paz, a seguridade e a estabilidade no Caribe e América Latina.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Mostrar o seu apoio ao dereito de autodeterminación e soberanía dos pobos establecidos nos principios fundamentais do Dereito Internacional recollidos na Carta Das Nacións Unidas.

2.- Manifestar todo o apoio e solidariedade á loita do pobo venezolano en defensa da súa patria e ao seu dereito a construír o seu propio camiño en paz e liberdade sen inxerencias externas, así como a dos outros pobos do Caribe e América Latina a prol da soberanía, a independencia e a paz.

3.- Rexeitar a continua escalada de agresións do goberno dos Estados Unidos cara á República Bolivariana de Venezuela e esixir a fin da mesma.

4.- Pronunciarse contra a esta violación da soberanía da República Bolivariana de Venezuela, mais tamén dos países do Caribe.

5.- Esixir o restablecemento da legalidade internacional.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 09/12/2025 16:06:20

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/12/2025 16:06:30

Óscar Insua Lema na data 09/12/2025 16:06:46

Ana Pontón Mondelo na data 09/12/2025 16:06:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 41047
Data envío: 09/12/2025 16:08:56.919

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 41047
Data envío: 09/12/2025 16:08:56.919

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/12/2025 16:08:57

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2025 10:42:45
Nº Rexistro: 41160
Data envío: 10/12/2025 10:42:45.073

Asinado o día 10/12/2025 ás 10:42
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo**, **Xosé Manuel Golpe Acuña** e da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, sobre a xestión da residencia de maiores do Bertón no Concello de Ferrol.

Asinado o día 10/12/2025 ás 10:42
Por José Manuel Golpe Acuña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe o 30% da poboación do concello de Ferrol ten máis de 65 anos, por enriba da media galega. O envellecemento da nosa sociedade é un feito evidente xa que no ano 2000 esa porcentaxe non pasaba do 20%.

Este dato debería facernos reflexionar sobre os recursos que precisamos para atender as nosas necesidades presentes e futuras de atención e coidados, recursos e modelo de xestión.

Vimos durante a pandemia como varias residencias de maiores xestionadas por empresas privadas tiveron que ser intervidas, e vimos aínda recentemente como actuacións da inspección de traballo provocaban o peche de residencias privadas de maiores polas malas condicións do persoal e das persoas usuarias.

E redundando nisto, precisamente estes días puidemos coñecer unhas declaracións do CEO dun hospital xestionado pola empresa Ribera Salud que deixa ben as claras como os intereses empresariais se antepoñen aos dereitos máis básicos das persoas, neste caso á saúde.

Asinado o día 10/12/2025 ás 10:41
Por Ramón Fernández Alfonzo





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Desde o BNG non temos dúbidas de que o dereito á saúde, e na mesma medida o dereito a unha vellez digna, deben ser garantidos e protexidos polo goberno a través de sistemas públicos financiados solidariamente polo conxunto da sociedade a través dos orzamentos.

Financiar con diñeiros públicos un sistema tan importante e sensíbel para despois deixalo en mans das empresas privadas non deixa de ser unha irresponsabilidade totalmente contrastada por feitos. O sistema debe estar baseado nunha rede de centros xestionados pola propia administración. Só deste xeito pode garantirse a calidade do servizo e a atención das persoas maiores conforme a criterios socio-sanitarios en exclusiva, sen interferencias nin intereses empresariais alleos.

Mais a política do Partido Popular é precisamente a contraria aos intereses xerais da poboación, e sempre supedita a prestación dos servizos públicos básicos a eses intereses empresariais alleos.

O apoio da Xunta á patronal das residencias privadas de maiores durante o seu conflito coas empregadas que reclaman salarios e condicións de traballo dignas deixa en evidencia os intereses que defende o Partido Popular, do mesmo xeito que a súa reiterada negativa a aumentar o rateo de persoal/usuarios, elementos claves ámbolos dous da calidade do servizo.

A intención de conceder a xestión da residencia de maiores do Bertón, no Concello de Ferrol, unha residencia pública, a unha empresa privada, é unha nova mostra desta entrega dos nosos coidados aos intereses das empresas privadas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 3ª:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

“O Parlamento de Galiza insta Xunta a deixar sen efecto o proceso de licitación para a xestión privada da residencia de maiores do Bertón, no Concello de Ferrol, e asumir a súa xestión directa con recursos propios.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/12/2025 10:41:52

José Manuel Golpe Acuña na data 10/12/2025 10:42:01

Olalla Rodil Fernández na data 10/12/2025 10:42:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2025 10:42:45
Nº Rexistro: 41160
Data envío: 10/12/2025 10:42:45.073

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/12/2025 10:42:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2025 10:42:45
Nº Rexistro: 41160
Data envío: 10/12/2025 10:42:45.073

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2025 12:08:28
Nº Rexistro: 41204
Data envío: 10/12/2025 12:08:28.281

Asinado o día 10/12/2025
12:03
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **na Comisión 5ª**.

Ao longo e ancho da xeografía de Galicia véñense producindo vacantes e baixas non cubertas pero tamén unha falta xeneralizada de médicos de atención primaria.

E a comarca de Condado-Paradanta, non ía ser unha excepción. Xa foi obxecto de debate neste parlamento, pero lonxe de se arranxar os problemas, sucede todo o contrario, vanse cronificando.

E a realidade que vivimos volveuse complexa porque se arrastra desde hai anos.

Pero o que é peor. Esta escaseza de médico de atención primaria, e en especial de pediatras, nun territorio disperso como Galicia, é un mal, que estando identificado polo Goberno galego, non se lle dá solución. As circunstancias poden variar un pouco dependendo do concello onde nos movemos, pero a realidade é a mesma: falta de prazas de pediatras, non cobertura de vacantes, non cobertura de baixas...

Os concellos que forman parte de Condado Paradanta, necesitan unha solución definitiva e permanente aos problemas que teñen porque responden a unha problemática real. Necesidade de resposta que, insistimos, non é a primeira vez que se expón.

Asinado o día 10/12/2025 ás
12:03
Por Carlos López Font

Asinado o día 10/12/2025 ás
12:03
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

144515

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-b7DZF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2025 12:08:28
Nº Rexistro: 41204
Data envío: 10/12/2025 12:08:28.281

Porque o único que coñecen son as prazas que non están cubertas, longas esperas para unha consulta, sobrecarga de traballo dos outros facultativos, ou coma sempre ter que acudir a un servizo de urxencias cando posiblemente se solucionaría co médico de atención primaria de telo.

E a falta de persoal dáse en Ponteares, Salvaterra, As Neves, A Cañiza, Arbo, Mondariz, Mondariz-Balneario e Covelo.

A situación actual require dunha resposta inmediata e eficaz, xa que a falta de acción diante desta problemática non fará máis que evidenciar a falta de vontade política por parte do Goberno da Xunta de Galicia.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a cubrir as prazas vacantes de persoal sanitario nos concellos de Ponteares, Salvaterra, As Neves, A Cañiza, Arbo, Mondariz, Mondariz-Balneario e Covelo.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

144516

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 10/12/2025 12:03:13

Carlos López Font na data 10/12/2025 12:03:23

Silvia Longueira Castro na data 10/12/2025 12:03:35

José Ramón Gómez Besteiro na data 10/12/2025 12:03:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2025 12:08:28
Nº Rexistro: 41204
Data envío: 10/12/2025 12:08:28.281

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/12/2025 12:08:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2025 12:08:28
Nº Rexistro: 41204
Data envío: 10/12/2025 12:08:28.281

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 10/12/2025
18:34
Por Iria Taibo Corsan

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Oscar Insua Lema, Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a discriminación aos usuarios no transporte público entre Carballo e A Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non hai moito tempo que a este parlamento o BNG trouxo unha iniciativa no que se lle trasladaba ao goberno da Xunta a existencia dunha problemática recorrente na liña de Transporte Metropolitano entre Carballo e A Coruña, operada por Arriva, e empregada por centos de persoas usuarias que se desprazan diariamente por motivos laborais, de estudos ou para acudir a consultas médicas, entre moitos outros, e polo tanto suxeitos a horarios concretos de chegada e saída. Coa Iniciativa pretendíase esixir a empresa concesionaria o reforzo inmediato da liña directa Carballo-A Coruña, requirirlle que establecera un sistema operativo que garantise o respecto da orde de chegada nos embarques nas estacións e que nos trasladase, de existir, o protocolo actual de prioridade de acceso.

Cando se debateu o 30 de setembro na Comisión segunda o deputado do PP defendera a xestión e o modelo implantado pola Xunta de Galiza, gabándose de que o servizo crecera nos últimos anos e afirmando que estaba garantida a mobilidade laboral. Decía que a denuncia do BNG era unha esaxeración e que podía ser unha mera incidencia, mais aseguraba que “non está permitido establecer prioridades segundo o destino” avanzando que a Xunta ía manter conversas coa empresa concesionaria para corrixir ese tipo de situacións.

Asinado o día 10/12/2025 ás
18:34
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 10/12/2025 ás
18:34
Por Oscar Insua Lema



O certo é que os veciños e veciñas da comarca de Bergantiños, seguen preocupados co funcionamento deste servizo público, e atópanse con dous contratempos na estación de autobuses de Carballo e da Coruña. Cando queren desprazarse de Carballo á Coruña, o autobús dispón de moi poucas prazas, porque estas están ocupadas por outros usuarios que proveñen da costa da Morte, xa que este é o mesmo que provén de Fisterra e Cee, e teñen que esperar á seguinte viaxe, que moitas das veces non é directa son traxectos dunha duración de casi o dobre de tempo. E cando queren desprazarse da Coruña á Carballo, non se respecta a orde de chegada na cola de embarque, e é a empresa concesionaria a que prioriza ás persoas que viaxan até o final da ruta a Fisterra, excluindo ás que se dirixen a destinos intermedios como é o caso de Carballo, quedando apeados na estación coruñesa.

E esta realidade quedou reflectido nunha contestación da empresa concesionaria a unha queixa dun usuario do servizo, no que textualmente afirma que “En relación coa súa reclamación sobre a expedición con saída ás XX horas no traxecto A Coruña-Fisterra, queremos informarlle de que en dito servizo, ao tratarse do último que conecta Carballo coas localidades posteriores, é necesario priorizar o acceso dos viaxeiros con destino máis alá desa localidade, xa que non dispoñen de ningunha outra alternativa de transporte público para poder chegar ao seu destino”. Por tanto, a empresa Autos Carballo, S.L.U. estivo priorizando a subida aos buses segundo os destinos, co permiso da Xunta de Galiza, a pesar de que na comisión do Parlamento o grupo popular aseguraba que non estaba permitido.

Non hai dúbida de que esta práctica verificada pola propia concesionaria e xustificada na resposta dunha queixa, segue sendo claramente arbitraria, quebranta o principio de equidade e igualdade e non está amparada por ningunha normativa legal ou regulamentaria que sexa pública. Unha práctica que debe ser eliminada do servizo público, porque supón un tratamento desigual entre persoas usuarias, que afecta á fiabilidade e correcto funcionamento do servizo e atende a intereses exclusivamente





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

proprios da empresa concesionaria e que pretende encubrir a falla de liñas e frecuencias, que debera por en marcha a Xunta de Galiza.

A mobilidade sustentable supón entender o transporte como un dereito universal, adaptado ás necesidades das persoas e poñendo o foco na mobilidade activa e no transporte público como principais alternativas para a cidadanía. Precisamos políticas que busquen promover o benestar impulsando unha mobilidade máis accesible, eficiente, eficaz e inclusiva, e que contribúan a reducir as emisións, mellorar a calidade do aire, gañar espazo para os peóns e ciclistas e diminuír a accidentalidade. Debemos traballar por unha mobilidade sustentable que busque reducir a necesidade e presenza do vehículo privado, garantindo o acceso a outros modos de transporte máis sans, eficientes, seguros e colectivos, como o transporte público para lograr unha maior cohesión social e territorial, un desenvolvemento económico resiliente, unha mellor calidade do noso aire e un mellor aproveitamento do espazo público. Máis a cohesión territorial non se consegue con practicas discriminatorias como estas, permitidas pola Xunta de Galiza, que debera aumentar o servizo público de transporte dado que existe demanda dos usuarios, e habilitar máis frecuencias para fomentar o seu uso, dando a oportuna publicidade para incrementar o coñecemento pola veciñanza da comarca.

A Xunta de Galiza, como administración concedente do dereito, non pode consentir esta práctica sistemática da concesionaria, en tanto que supón un flagrante incumprimento das obrigas da empresa como prestadora dun servizo público. Polo tanto, a Xunta está obrigada a esixir a inmediata corrección deste sistema inxusto e inxustificado, a organización do servizo desa liña dun xeito claro e baixo criterios obxectivos e, no seu caso, adoptar medidas disciplinarias e as sancións que correspondan á empresa concesionaria.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1- Comunicarlle oficialmente á empresa concesionaria dos traxectos Carballo- A Coruña que non está permitido establecer prioridades de embarque no transporte público e a informar publicamente desta cuestión para o coñecemento de todos os usuarios.

2- Reforzar a liña directa Carballo-A Coruña, establecendo máis frecuencias que partan das dúas estacións, nomeadamente nas franxas horarias de maior demanda.

3- Adoptar as sancións e as penalidades contractuais que procedan polos feitos acontecidos e confirmados pola propia empresa concesionaria.”

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 10/12/2025 18:34:02

Mercedes Queixas Zas na data 10/12/2025 18:34:10

Iria Taibo Corsanego na data 10/12/2025 18:34:34

Paulo Ríos Santomé na data 10/12/2025 18:36:18

Ana Pontón Mondelo na data 10/12/2025 18:36:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 41347
Data envío: 10/12/2025 18:37:12.032

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 41347
Data envío: 10/12/2025 18:37:12.032

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/12/2025 18:37:12

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2025 09:48:23
Nº Rexistro: 41352
Data envío: 11/12/2025 09:48:23.769

Asinado o día 11/12/2025 ás 09:47
Por Iago Tabarés Pér

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Iria Taibo Corsanego** e dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre o restablecemento da legalidade democrática na Guiné Bissau.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Guiné Bissau produciuse un golpe de Estado o pasado 26 de novembro, polo cal unha xunta militar tomou o poder, anunciou a destitución do presidente Umaro Sissoco Embaló, suspendeu o proceso electoral que estaba a ter lugar, entrevistou os medios de comunicación, prohibiu as manifestacións, pechou as fronteiras terrestres e marítimas, pechou o espazo aéreo e as institucións democráticas e impuxo o toque de queda. Os resultados das eleccións, que se ían proclamar o día seguinte e foran recoñecidas como libres e transparentes polos observadores internacionais, non chegaron a coñecerse.

Do mesmo xeito, deteu ilegalmente varios responsábeis políticos e cidadáns, entre eles Domingos Simões Pereira, ex primeiro ministro e actual presidente da Asemblea Nacional Popular da Guiné Bissau, e líder do PAIGC (Partido Africano da Independencia da Guiné e Cabo Verde). Xunto con Simões Pereira, foron detidos outros líderes políticos.

Domingos Simões Pereira e o seu partido foran excluídos deste proceso electoral, a pesar de que o PAIGC é o principal partido da oposición. Simões Pereira apoiara Fernando Dias da Costa, outro candidato opositor, que reivindicou a vitoria na primeira volta deste proceso electoral para o seu partido, e que fuxiu do país despois do golpe.

O papel de Galiza en todo o relacionado cos territorios de lingua oficial portuguesa é fundamental, e debería levar a cabo un traballo diplomático neste sentido,

Asinado o día 11/12/2025 ás 09:47
Por Oscar Insua Lema

Asinado o día 11/12/2025 ás 09:47
Por Iria Taibo Corsanego



para esixir o restablecemento da democracia e a liberación de Simões Pereira, xunto co resto de persoas detidas neste contexto.

Na actualidade, a Guiné Bissau ocupaba a presidencia da Comunidade de Países de Lingua Oficial Portuguesa, da que o Estado español forma parte como observador asociado desde 2021, e a CPLP xa iniciou os trámites para que a presidencia pase a outro dos estados membros.

Este golpe supón un inadmisíbel ataque á democracia e unha intromisión na vontade democrática do pobo da Guiné Bissau, ademais dunha grave violación dos dereitos da súa cidadanía.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Esixir o restablecemento da democracia na Guiné Bissau.

2.- Esixir a liberación de Domingos Simões Pereira e de todas as persoas detidas como consecuencia do golpe de Estado que tivo lugar na Guiné Bissau o pasado 26 de novembro.

3.- Esixir a publicación dos resultados electorais da Guiné Bissau.

4.- Levar a cabo todas as accións diplomáticas encamiñadas a esixir a reposición da legalidade democrática na Guiné Bissau e a liberación de todas as persoas detidas no contexto do golpe de Estado.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 11/12/2025 9:47:09

Óscar Insua Lema na data 11/12/2025 9:47:17

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/12/2025 9:47:23

Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2025 9:47:31



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/12/2025 9:48:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2025 09:48:23
Nº Rexistro: 41352
Data envío: 11/12/2025 09:48:23.769

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García**, **Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, sobre a suspensión total da autorización das zonas E8, B e D das rías galegas como puntos de vertido de materias procedentes de dragaxes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tal e como temos manifestado en iniciativas anteriores, rexistradas e mesmo debatidas no Parlamento galego, o Bloque Nacionalista Galego rexeita a utilización como zonas de vertedura de lodos de dragaxes os puntos pretos ás bocas das rías de Arousa, Pontevedra e Vigo, o xa existente E8 e os aprobados recentemente como puntos B e D, por tratarse de áreas de alto valor ambiental e grande importancia socioeconómica.

Nos estudos e informes remitidos a este Grupo Parlamentario no pasado mes de abril, como consecuencia da petición dos mesmos polo artigo 9 do Regulamento da Cámara, así como noutros remitidos polo Goberno español ao noso representante no Congreso, recoñécese, precisamente, a importancia da conservación do medio natural e da preservación das especies de fauna e flora e que as áreas en estudo teñen un alto valor ambiental para a conservación de aves, cetáceos e fauna mariña.

Aínda así, tanto o Ministerio de Transición Ecolóxica como o propio Portos de Galiza seguiron a considerar viábeis as novas ubicacións, despois de se teren desautorizado os depósitos de vertidos de dragaxe na anterior (E8), precisamente, por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

motivos ambientais cando xa se acumularan durante décadas máis de 3 millóns de metros cúbicos de material de dragaxe, para situar o novo punto de vertido (B) a menos de 2 quilómetros do descartado.

No propio informe remitido a Portos de Galiza pola Subdirección Xeral de Biodiversidade Terrestre e Mariña (SXBTM) no pasado mes de abril explicitase que o vertido de material de dragado constitúe unha fonte de afección ao medio mariño, principalmente, polas partículas en suspensión e o lugar final de sedimentación, a posibilidade de vertidos noutros lugares durante o transporte, a afectación que todo isto tería na fauna e flora mariñas, ademais da posibilidade de propagación de especies invasoras. En definitiva, determínase que as novas zonas propostas son “máis adecuadas” que a descartada E8, mais non se consideran nin inocuos nin faltos de perigo os novos puntos de vertedura.

Tamén se reconece que existen moitos parámetros que non foron obxecto de estudo e considérase que debe ser obxecto de avaliación cada proxecto de vertedura concreto. Claramente, o informe deixa claros os riscos ambientais, e a falta de información e estudos sobre determinados aspectos e consecuencias, polo que resulta incomprensíbel que se continuase adiante coa autorización de vertidos na área e que, obviando o principio de precaución, se autorizase o depósito de lodos procedentes de dragados.

Precisamente, chama poderosamente a atención que no citado informe non se avalíen ou estuden as consecuencias socioeconómicas nin a afección aos caladoiros e á actividade pesqueira e nin sequera se tivese en conta o rexeitamento aos puntos de dragado trasladado por distintos colectivos do mar.

No día de onte vén de transcender ademais que a frota galega de arrastre e do cerco rexeita os novos puntos de vertido porque lles “afectan de forma directa”. Representada na OPP-08, Opromar (Organización de Produtores de Pesca do Porto e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ría de Marín), denuncia que a afectación a actividade pesqueira que se desenvolve nas rías non se tivo en conta na avaliación da ubicación dos puntos de vertido. Nomeadamente, din que a zona B é unha “praia de traballo diaria” para os arrasteiros, onde se explotan recursos de gran interese comercial, como a raia, o linguado, a pescada, o polbo, etc. E que a zona D, fronte á ría de Vigo, sitúase xusto a partir da profundidade mínima onde a modalidade do arrastre pode operar.

No escrito que veñen de dirixir á Subdirección Xeral de Biodiversidade Terrestre e Mariña, conclúen que non poden valorar ningunha das zonas autorizadas para vertidos dragados como adecuada pola “importante afectación” que terían sobre as súas zonas de traballo e solicítanlle que teña en conta as súas observacións antes de consolidar definitivamente as novas zonas de vertido.

En definitiva, aos riscos e afeccións ambientais recollidos no informe que a SXBTM remitiu en abril a Portos de Galiza, súmanse agora as negativas consecuencias que as zonas escollidas para verter os materiais de dragaxe terían para a actividade e o sector pesqueiro, acuciado xa por múltiples normas, prohibicións, restricións e ameazas diversas.

Polo tanto, aínda que é preciso avanzar nos dragados pendentes, non se poden aceptar prexuízos nin danos, tanto medioambientais como socioeconómicos, especialmente para o sector pesqueiro. Así pois, cómpre implementar outras alternativas, incluída a posibilidade do tratamento en terra dos lodos extraídos para non afectar aos ecosistemas das rías, á fauna e á actividade pesqueira.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Solicitar do Goberno español a suspensión total da recente autorización das zonas E8, B e D como puntos de vertido de lodos dragados, cando menos ata que existan os informes que conclúan que non supoñen afectación ambiental e para a actividade e o sector pesqueiro galego.
2. Instar o Goberno do Estado a levar a cabo un estudo de alternativas aos depósitos de materiais dragados fóra das rías galegas.
3. Rexeitar a posibilidade de que as rías galegas sexan o punto de depósito de materiais dragados.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 11/12/2025 10:50:33

Carmela González Iglesias na data 11/12/2025 10:50:45

Daniel Castro García na data 11/12/2025 10:50:54

Óscar Insua Lema na data 11/12/2025 10:51:02

Paulo Ríos Santomé na data 11/12/2025 10:51:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2025 10:53:08
Nº Rexistro: 41392
Data envío: 11/12/2025 10:53:08.127



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/12/2025 10:53:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2025 10:53:08
Nº Rexistro: 41392
Data envío: 11/12/2025 10:53:08.127

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2025 12:28:55
Nº Rexistro: 41439
Data envío: 11/12/2025 12:28:55.696

Asinado o día 11/12/2025
12:28
Por Montserrat Valcárcel

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a redución a un único equipo médico a atención do PAC de Meira.

Asinado o día 11/12/2025 ás
12:28
Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Persoal sanitario do PAC de Meira puxo en coñecemento do G.P. do BNG a decisión da Consellaría de Sanidade de reducir a un único equipo médico a atención sanitaria deste centro que, cómpre lembrar, presta servizo a seis concellos (Meira, Pol, Ribeira de Piquín, Riotorto, A Pontenova e Pastoriza).

Segundo nos transmitiron, a pasada fin de semana (6 e 7 de decembro) a facultativa de garda tivo artender 60 pacientes no propio centro ademais das saídas a domicilio, algunha de até 2 horas. Un feito que non é puntual senón que vén reiterándose no tempo o que fai pensar que a decisión do goberno do Partido Popular é deixar este centro, en horario de PAC, cun único equipo. Algo absolutamente inxustificable que deixa nunha situación precaria a poboación desta área do interior de Lugo cunha importante poboación envellecida e unha grande extensión xeográfica.

Asinado o día 11/12/2025 ás
12:28
Por Olalla Rodil Fernández

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a manter con carácter permanente dúas equipas médicas completas no PAC de Meira para garantir a máxima calidade asistencial neste centro que presta servizo aos concellos de Meira, Pol, Ribeira de Piquín, Riotorto e Pastoriza.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/12/2025 12:28:11

María Montserrat Prado Cores na data 11/12/2025 12:28:19

Montserrat Valcárcel Armesto na data 11/12/2025 12:28:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2025 12:28:55
Nº Rexistro: 41439
Data envío: 11/12/2025 12:28:55.696

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/12/2025 12:28:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2025 12:28:55
Nº Rexistro: 41439
Data envío: 11/12/2025 12:28:55.696

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2025 13:18:11
Nº Rexistro: 41464
Data envío: 11/12/2025 13:18:11.101

Asinado o día 11/12/2025
13:17
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Valcárcel Armesto** e **Rosana Pérez Fernández** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a seguridade no litoral ante o risco de maremotos en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O litoral de Galiza, con máis de 2.100 quilómetros de costa e unha forte concentración de poboación, infraestruturas críticas e actividades económicas nas rías, figura entre as zonas do Estado con risco significativo ante maremotos, con estimacións oficiais de ondas de ata case 2 metros asociadas a eventos no Banco de Gorringe e con tempos de chegada inferiores ás dúas horas segundo o Plan Estatal de Protección Civil ante o Risco de Maremotos aprobado en 2021. A isto engádese o risco, subliñado por especialistas como o xeólogo e catedrático emérito Juan Ramón Vidal Romaní, de tsunamis cunha orixe máis próxima no Cantábrico, que poderían impactar a costa en cuestión de minutos, reducindo drasticamente a marxe de reacción efectiva das autoridades e da poboación.

Ao mesmo tempo, o Plan Estatal de Maremotos establece unha arquitectura xeral de alerta temperá e de coordinación entre administracións, mais deixa a desenvolvemento das comunidades autónomas a elaboración dos correspondentes plans especiais e a implantación de medidas concretas de sinalización, información pública, ordenación territorial e plans de evacuación adaptados ás súas realidades costeiras. No caso galego, a Xunta ve de aprobar unha actualización do Plan Especial de Protección Civil ante o Risco de Terremotos (SISMIGAL), centrado na perigosidade sísmica e na resposta fronte a

Asinado o día 11/12/2025 ás
13:16
Por Rosana Pérez Fernández

Asinado o día 11/12/2025 ás
13:16
Por Montserrat Valcárcel Armesto



movementos telúricos, mais sen incorporar un desenvolvemento específico do risco de maremotos nin protocolos detallados de alerta, evacuación e autoprotección orientados á poboación do litoral.

Pola súa parte, a Lei 4/2023, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galiza, fai referencia á necesidade de ter en conta os riscos e ameazas que afectan aos ecosistemas mariño-costeiros e ás actividades que se desenvolven no litoral, e prevé instrumentos como os plans de ordenación de rías e praias, pero non concreta obrigas claras en materia de análise de risco de maremotos, limitación de usos en zonas especialmente expostas nin criterios de deseño urbano e infraestrutural orientados á resiliencia fronte a este tipo de eventos. Esta combinación de alta exposición, ausencia de planificación específica fronte a maremotos e falta de cultura de risco entre a cidadanía crea unha situación na que un evento de baixa probabilidade podería ter consecuencias moi graves en termos de vítimas, danos materiais e afectación de servizos esenciais.

En consecuencia, resulta necesario que o Goberno galego dea explicacións detalladas sobre o grao real de preparación de Galiza ante un posible maremoto, sobre a súa estratexia para adaptar a normativa autonómica e a planificación de emerxencias ao marco estatal de maremotos e á evidencia científica máis recente, así como sobre as medidas previstas para garantir que a poboación litoral conte con información, sinalización e protocolos claros de actuación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Elaborar e aprobar un Protocolo Específico de Alerta e Prevención de Maremotos en Galicia, que inclúa:



- Sistemas de alerta en tempo real coordinados coa Red Sísmica Nacional.
- Métodos de aviso á poboación adaptados ás características das rías.
- Sinalizacións de rutas de evacuación conforme a normas internacionais unificadas.
- Recomendacións para a autoprotección da poboación.

2. Iniciar un programa de sinalizacións e marcaxe de rutas de evacuación en todos os núcleos litorais con alta densidade poboacional, seguindo o modelo experimental xa iniciado nalgúns municipios andaluces.

3. Diseñar e poñer en marcha unha campaña de concienciación pública sobre o risco de maremotos, dirixida especialmente á poboación residente e turística nas zonas costeiras.

4. Revisar a Lei 4/2023 de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral para incluír criterios de seguridade ante maremotos nos Plans Especiais de praias e na regulación de usos do litoral.

5. Integrar nos seus Plans de Protección Civil municipal medidas específicas para maremotos, con especial atención ás rías e zonas de embocadura.

6. Establecer un protocolo de coordinación coas autoridades estatais (Protección Civil, IGN, Ministerio do Interior) para garantir unha resposta uniforme e coordinada ante eventos de maremoto.

7. Realizar exercicios e simulacros con carácter anual de evacuación ante tsunami en colaboración cos Concellos e coas unidades de Protección Civil, incorporándoos ao plan nacional de exercicios.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 11/12/2025 13:16:44

Rosana Pérez Fernández na data 11/12/2025 13:16:53

Luis Bará Torres na data 11/12/2025 13:17:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2025 13:18:11
Nº Rexistro: 41464
Data envío: 11/12/2025 13:18:11.101

CSV: BOPGDSPG-b7DZf509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/12/2025 13:18:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2025 13:18:11
Nº Rexistro: 41464
Data envío: 11/12/2025 13:18:11.101

CSV: BOPGDSPG-b7DZzF509-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



